



Concello de Vigo  
Expte. 4697/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 19/2024

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 7 DE NOVEMBRO DE 2024

#### ORDE DO DÍA

UNICO. Tren de Alta Velocidad Vigo-Oporto Salida Sur y Vigo Madrid directo por Cercedo

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día sete de novembro do ano dous mil vinte e catro (07/11/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión



EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**\*.- Incidencia.** Neste intre, a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da DANA de Valencia.

**\*.- Incidencia.** O voceiro do grupo municipal do BNG, de acordo co artigo 55.4 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP) e o artigo 94.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), e visto que, tal e como sinala o artigo 29 do ROP, a Xunta de Voceiros non se celebrou con carácter previo á convocatoria desta sesión de pleno extraordinaria, presenta unha cuestión de orde pola que solicita que nas intervencións haxa unha 1ª quenda de 10 minutos e unha segunda de 5 minutos.

O Sr. Alcalde manifesta que haberá soamente unha quenda de intervencións de 10 minutos para tódolos grupos municipais e rematará o Presidente como é o habitual.

## **UNICO.(210). TREN DE ALTA VELOCIDAD VIGO-OPORTO SALIDA SUR Y VIGO MADRID DIRECTO POR CERCEDO**

ANTECEDENTES: Con data de 4 de novembro 2024, a Alcaldía presenta no Rexistro do Pleno 4701/1101, a seguinte proposta;

“ASUNTO: TREN ALTA VELOCIDADE VIGO OPORTO SAÍDA SUR E VIGO MADRID DIRECTO POR CERDEDO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A defensa do AVE en Vigo neste tempo require dun debate profundo sobre os feitos que nos conduciron á actual situación: Vigo aínda non ten AVE. É por iso que é imprescindible recordar a historia dunha infraestrutura que, desde a política, tivo detractores que descartaron e imposibilitaron a súa construción.

A decisión de non construír o AVE Vigo-Madrid tivo lugar no ano 2002, cando os responsables políticos de Vigo naquel momento, renunciaron á entrada en L da alta velocidade en Galicia e aceptaron a proposta do ministro Francisco Álvarez Cascos que só incluía a liña A Coruña - Santiago - Ourense - Madrid. Nese momento, Vigo quedou excluída da alta velocidade con Madrid. Gobernaba en España José María Aznar. O PP deixou a Vigo sen AVE e o Concello aceptouno. Gobernaba Vigo Lois Pérez Castrillo, do BNG. Aquela vergoñenta e inadmisíbel decisión significou deixar a Vigo, en termos de AVE, como unha sucursal de A Coruña - Santiago. A liña sería Vigo -



Copia do documento - Concello de Vigo  
4720-1101

Data impresión: 23/01/2025 09:44 | Páxina 2 de 6  
CSV: A2AHC9-C7388H-8F88C5-C3NVNG-1SUEBT-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pontevedra - Vilagarcía - Santiago (50 minutos de exceso de tempo) - Ourense - Zamora - Madrid.

A conexión do AVE Vigo - Madrid directo por Cerdedo asúmese e iníciase co goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, a petición expresa do actual alcalde de Vigo. Así, xa en 2010, aquel goberno foi quen de publicar no BOE a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) para o trazado por Cerdedo. O AVE Vigo - Madrid directo arrancaba por fin.

En 2011, Mariano Rajoy asume a presidencia do Goberno e unha das primeiras medidas que adopta é paralizar esta infraestrutura deixando incluso caducar a DIA.

En 2018, o goberno de Pedro Sánchez retomou o proxecto e, ao ter caducado a DIA, foi preciso partir de cero. Tívoise que realizar o Estudo Hidroxolóxico, previo á DIA, xa que o executivo do PP, intencionadamente, a deixara caducar.

Naquel ano 2018, o Goberno de España a través de ADIF, comprometeu licitar a realización do Estudo Hidroxolóxico. No día de hoxe xa está concluído este estudo e en tramitación os requerimentos do CSIC para que, unha vez aprobada a DIA, poder abordar o proxecto construtivo e a obra.

No ano 2006 o goberno municipal de Vigo acepta que o novo trazado de entrada do tren á estación de Urzáiz fora en superficie. Esta decisión mantería a ruptura da cidade pola vía do tren e impediría para sempre a Saída Sur en túnel a Porriño e Portugal.

No ano 2007, cambiou o goberno de Vigo e éste acordou co goberno de España que o tren entrara en túnel, obra que foi levada a cabo efectivamente. En novembro de 2011 as tuneladoras entraban en Urzáiz. A cidade eliminaba un obstáculo e permitía abordar a Saída Sur en túnel. Así, esta actuación do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero e do actual alcalde de Vigo posibilitaron a Saída Sur que o anterior goberno da cidade lle negaría para sempre.

E, en efecto, nove anos despois, no cumio hispano-luso de Guarda no ano 2020, os gobernos de España, con Pedro Sánchez, e de Portugal, con Antonio Costa, acordaron a unión en Alta Velocidade de Vigo coa cidade de Porto. Esta decisión renovouse e reforzouse no cumio de Viana do Castelo en 2022 onde España e Portugal acordaron a posta en marcha da nova liña de alta velocidade no ano 2030.

O Goberno de España adxudicou no ano 2023 o Estudo Informativo da saída sur ferroviaria en túnel para o AVE Vigo - Porto, que debería estar rematada ao comezo do ano 2025.

No último cumio de Faro (23/10/2024) España e Portugal acordaron finalizar as obras do AVE no 2032. Ambos gobernos renovaron o compromiso de acometer esta conexión e, ao mesmo tempo, o Goberno de España estableceu que a unión de Madrid con Lisboa en alta velocidade estaría rematada, na parte española, en 2030.

Polo exposto, elévase ao Pleno do Concello de Vigo a seguinte proposta de ACORDO.../...

De seguido emítase a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:44	Páxina 3 de 6
4720-1101	CSV: A2AHC9-C7388H-8F88C5-C3NVNG-1SUEBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En data 5 de novembro de 2024, entra no Rexistro electrónico do Pleno doc. 240339473, expte. 4702/1101, emenda de substitución ao texto da proposta do voceiro do grupo municipal do BNG, cuxa parte dispositiva di:

*“Único.- SUBSTITUÍR a proposta de acordos o seguinte:*

*• “Instar ao Goberno español a priorizar e axilizar, como defende o goberno de Portugal, a posta en marcha da conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Porto, a Saída Sur, sen postergala en favor de ningunha outra conexión e incorporando nos orzamentos xerais do Estado do vindeiro ano e seguintes exercicios a dotación económica necesaria para efectivizala no horizonte do ano 2030”*

*“E manifesta expresamente a disposición do Grupo Municipal do BNG a poder acordar co resto de grupos a modificación dos termos concretos desta emenda, a través do previsto no artigo 64.3 do ROP, co obxectivo de atinxir un acordo unánime da Corporación Municipal esixindo a posta en marcha da Saída Sur no ano 2030.”*

Na mesma data 5.11.24, entra no Rexistro electrónico do Pleno doc. 240339501, expte. 4703/1101, emenda ao texto da proposta do voceiro do grupo municipal do Partido Popular, cuxa parte dispositiva di:

*“1.- No punto 1 do acordo, alí onde pon “..no ano 2030” substituir por “...no horizonte do ano 2020”.*

*2.- No punto 3 do acordo, substituír o terno “recoñecer” por “demandar”.*

*3.- Retirada dos puntos 4 e 6.”*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

*\*.- **Incidencia.** Ás 10,16 h., unha vez rematado o debate e ao non seren aceptadas as emendas pola Presidencia, abandonan o Salón de Plenos os cinco (5) concelleiros do grupo municipal do Partido Popular. Continúa a sesión coa votación do asunto incluído na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

*\*.- **Incidencia.** O voceiro do grupo municipal do BNG, solicita a votación por puntos da parte dispositiva e o Presidente manifesta que a votación é a totalidade da proposta.*

VOTACIÓN: Con dezanove (19) votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

1.- Dirixirnos aos gobernos de España e Portugal para que aceleren ao máximo esta obra da conexión en AVE entre Porto e Vigo e para que a data de finalización desta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:44	Páxina 4 de 6
4720-1101	CSV: A2AHC9-C7388H-8F88C5-C3NVNG-1SUEBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

liña de alta velocidade sexa no ano 2030, como ambos gobernos acordaron nos cumios de Guarda (2020) e Viana do Castelo (2022).

2.- Instar ao Goberno de España a seguir avanzando coa máxima celeridade na obra da Saída Sur ferroviaria en túnel, desde Vigo ata O Porriño e continuar coa licitación da obra entre O Porriño e a fronteira portuguesa, ademais de acordar co goberno de Portugal o lugar de encontro ferroviario do AVE entre ambos países.

3.- Recoñecer así mesmo aos gobernos de España e Portugal o compromiso firme da execución da liña Vigo - Porto en alta velocidade.

4.- Recoñecer o compromiso do Goberno de España de seguir co proxecto paralizado e abandonado polo goberno de Mariano Rajoy do tren de alta velocidade Vigo-Madrid directo por Cerdedo, evitando a circulación por Santiago que lle engade ao percorrido 50 minutos adicionais.

5.- Resaltar a relevancia dentro da Unión Europea da liña Lisboa-Porto-Vigo-Madrid (directa por Cerdedo) así como a liña Lisboa-Porto-Vigo-Valladolid (bypass de Olmedo)-

Euskadi-Francia, creando un gran Eixo Atlántico ferroviario vertebrado no territorio peninsular e europeo.

6.- Esixir do PP, que paralizou o AVE directo por Cerdedo, e do BNG, que nunca o defendeu, e que ámbolos dous aceptaron en 2006 que o tren chegara a Vigo en superficie imposibilitando a Saída Sur en túnel, que lle pidan perdón a esta cidade pola negligencia e a posición intolerable que adoptaron, relegándonos a ser a única gran cidade de España sen tren de Alta Velocidade.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Tren de alta velocidade  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Jueves, 7 de Noviembre de 2024 09:04:05  
Fecha Fin : Jueves, 7 de Noviembre de 2024 10:18:21  
Duración : 01:14:16

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3502](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3502)

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 995 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/zQEfqpjSWIPMx6Hd6Id3xdo566unMM1GZT2GtcWND11F5dQX.wmv>

SHA512 - 5c348f4965454fa4fde9ec810ecbec2fac854da7575a7f5f71e995d5399b2db1be0c0bffc09cf7e78931635fc7cdf45ecd985a2b6c8cca97468348691199bf2f

- Media (PROXYS)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:44	Páxina 5 de 6
4720-1101	CSV: A2AHC9-C7388H-8F88C5-C3NVNG-1SUEBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

[1] Video H264, 480p, Stereo, 467 MiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/IbSrubeNR71ySherNupJf05uEJSvpC6mRvH4qJVNo uuv0W4a.mp4

SHA512 - 21b95226461510aafbcd277eb0613e2a0229e9c446440afb0796b34633e000a75c83e90 eb5aebec39dd82b46224cc194c73d6f308006cc3cf83a8869dff8a2ce

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Oradora invitado; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:52 : UNICO. Tren de Alta Velocidad Vigo-Oporto Salida Sur y Vigo Madrid directo por Cercedo
- 00:01:27 - -Minuto de silencio-
- 00:02:50 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:09 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:03:55 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:16:14 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:27:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:27:45 - Martín Peña, José Miguel
- 00:39:30 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:12:32 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:13:00 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:13:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:13:54 - Votación [10:18:00]

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e dezoito minutos (10:18)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 19/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024. am.

A PRESIDENCIA  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2025 09:44	Páxina 6 de 6
4720-1101	CSV: A2AHC9-C7388H-8F88C5-C3NVNG-1SUEBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		